



PREMIOS TFG JOSÉ MANUEL PÉREZ CANAL

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense

Bases da convocatoria

1. Poderá participar nesta convocatoria o alumnado da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, que presentara o Traballo Fin de Grao no curso académico 2023-2024.

2.- Outorgarase un primeiro premio e dous accésit para os traballos presentados por alumnado da titulación Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE) e un primeiro premio e un accésit para os traballos presentados por alumnado da titulación Grao en Turismo. Todos eles consistirán na publicación dos traballos, entrega de certificados e agasallos da FCETOU.

Queda contemplada a posibilidade de declarar deserto algún premio, se a calidade do traballo é baixa. Circunstancia que quedará a xuízo da Comisión Avaliadora.

Os traballos premiados serán publicados en formato escrito en papel, publicación que será efectuada pola Deputación de Ourense. Tamén serán publicados en formato electrónico na web da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.

3. Para optar aos Premios TFG José Manuel Pérez-Canal é necesaria una calificación mínima de 9 por parte do tribunal do TFG, sen distinción de que este tivera carácter unipersoal ou colexiado.

4. As temáticas dos TFGs sobre problemas económicos e/ou turísticos, sobre aspectos teóricos e/ou empíricos, deben contribuir á análise e formulación de alternativas para a súa solución. Sin ser condición necesaria nin excluinte, se valorarán aplicacións prácticas e orientadas a temas vencellados coa provincia de Ourense, así como o emprego da lingua inglesa no documento escrito.



5. Terase en conta o rigor científico e metodolóxico da análise efectuada nos traballos presentados.

6. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, non estar pendentes de resolución en ningunha outra convocatoria. Non poderán participar traballos premiados en calquera outra convocatoria.

7. Os candidatos entregarán un arquivo electrónico en formato pdf, con unseudónimo, sen o nome do autor/a, para proceder a unha avaliación “cega” do traballo presentado. Ademáis, se entregará un sobre pechado, figurando na parte exterior o título do traballo e oseudónimo empregado, a seguinte información:seudónimo, nome, enderezo, teléfono, currículo vitae (resumido) d@ autor/a e título do traballo. O sobre do traballo premiado será aberto polo xurado unha vez terminada a avaliación correspondente.

Se no traballo presentado a concurso aparecera o nome d@ alumn@ ou titor@, éste sería descalificado do concurso.

8. A recepción dos traballos se inicia o día seguinte da publicación desta convocatoria, ata o **21 de outubro de 2024** ás 14:00 horas. Os traballos se recibirán na Secretaría do Decanato da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.

Na primeira semana de novembro faranse públicos a través da web da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense (<http://www.fcetou.uvigo.es/>) os nomes das persoas e traballos premiados.

Na derradeira semana de novembro terá lugar un acto institucional onde estarán representadas as entidades colaboradoras (Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense e a Deputación Provincial de Ourense) e na que se efectuará a entrega dos premios. A data e hora fixada para o acto se comunicará a través da FCETOU.

9. Os traballos que non cumplan co disposto nestas bases serán excluídos da convocatoria.

10. O xurado avaliador estará integrado pola Decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, así como catro membros máis: dous profesores doutores da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense e dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito empresarial e turístico en Ourense. Se algún docente da Facultade actuara como titor/a dalgún candidato, será excluído como membro do xurado, sendo substituído por outro que non presente candidatura aos premios.



11. A decisión do xurado será inapelable, e poderá declarar deserto algún premio.
12. Os autores dos traballos gañadores permitirán a publicación na páxina *web* da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense dos seus traballos galardoados. A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo realizará un recoñecemento dos traballos premiados mediante a certificación oportuna.
13. Os traballos non premiados, así como os sobres correspondentes pechados se destruírán unha vez que o xurado tome a súa decisión.
14. Os puntos non previstos nesta convocatoria serán resoltos polo xurado.
15. A presentación ao premio supón a aceptación expresa das súas bases.